

Aínda non formas parte do Apego?
Apego vai dirixido a vós, ás familias con nenos e nenas ata 6 anos. Queremos axudarvos á socialización en galego e propoñervos o uso da lingua galega para crear vínculos coa familia. Infórmate no Servizo de Normalización Lingüística, a través do correo lingua@oleiros.org



Concello de Oleiros
Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística



Un outono con **apego** 2022



Concello de Oleiros
Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística



Ruta A Marola en familia (natureza+artesanía)

16 de outubro ás 11.00 h

Percorre esta ruta circular pola nosa fermeira costa desde a que gozaremos dunha vista marabillosa da Marola, atravesando máxicos bosques, coñecendo a contorna natural e cultural, vendo o mar do golfo Ártabro. Unha ruta por interior e costa, bosque e mar, campos..., unha senda chea de curiosidades e palabras, sons e olores. Polo camiño pararemos a realizar un obradoiro de artesanía e natureza: un chamador de vento, un instrumento co que traballaremos con elementos mariños e do bosque, decorando coas nosas cores preferidas.

Duración total: 2.30 h (ruta+obradoiro)

Destinatarias/os: familias con nenos e nenas de 0 a 6 anos (non se pode acceder con carro)

Inscrição a partir do 10 de outubro

Concerto de Pakolas

6 de novembro

á s 12.30 h

no Auditorio Gabriel García Márquez

No concerto "Rockeando con Ramona Órbita, a dona do tempo" Pakolas conta e canta a historia de Ramona Órbita, unha muller labrega da Serra do Courel, que posúe unha horta cibernetica con patacas automáticas, e ademais ten unha máquina do tempo, o seu mellor invento. Con ela viaxa ao futuro e ao pasado na procura de tecnoloxía para crear un mundo mellor, mais ecolóxico e con enerxías limpas.

Ademais Pakolas incorporará algúnhia canción do novo disco.

Duración: 55 minutos

Destinatarias/os: familias con nenos e nenas de 0 a 6 anos

Inscrição a partir do 2 de novembro



Un bico para Alí, de Fabaloba

13 de novembro ás 12.00 h na Fábrica

Contacontos e cancións da man de Lydia Botana apoiadas por ilustracións que se amosan a través dun teatríño Kamishibai.


No seu primeiro día de escola, Alí coñece a Antón, un neno cunha diversidade funcional que se manifesta principalmente nas súas dificultades de linguaxe.

Estrañada polo comportamento do seu novo compañoiro, Alí intentará axudalo botando man de contos, cancións e outros moitos recursos.

Duración: 50 minutos

Destinatarias/os: nenos e nenas de 3 a 6 anos

Inscrição a partir do 7 de novembro



Manual para deitarse e durmir, de Caxoto

20 de novembro ás 12.00 h na Fábrica

Moi poucos nenos e nenas hai que se vaian para a cama de boa gaña. Normalmente os preliminares a deitarse convéntense nun proceso lento e exasperante no que calquera escusa se aproveita para retrasar o temido momento de apagar a luz e durmir. Limpar os dentes, facer pis, poñer o pixama, xogar co rolo de papel hixiénico, fantasiar coas sombras da escuridez..., convéntense cada noite en pequenas aventuras que atesourar antes de conciliar o sono.

Estrañada polo comportamento do seu novo compañoiro, Alí intentará axudalo botando man de contos, cancións e outros moitos recursos.

Neste espectáculo Caxoto regresa a estes intres antes de deitarse e convérteos nunha función de contos chea de aventuras, misterios sen resolver, visitas inesperadas... e así gozar dunha viaxe á nosa nenez da man das nosas crianzas.

Duración: 35 minutos

Destinatarias/os: de 0 a 3 anos

Inscrição a partir do 14 de novembro



Visita ao Museo Os Oleiros e obradoiro de olería

26 de novembro de 2022 ás 17.00 e 18.00 horas nas Torres de Santa Cruz

Ven coñecer o Museo Os Oleiros, descubrir as pezas más senlleiras, ver a demostración de torno da man do oleiro Alberto Añón de Olería Lista e xoga e aprende a moldear o barro nun obradoiro no propio alfar.

Duración: 1 hora

Destinatarias/os: nenos e nenas de 3 a 6 anos

Inscrição a partir do 21 de novembro

